

Normativa de préstamos de ordenadores portátiles da

Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

Con esta normativa, o préstamo de ordenadores portátiles queda desligado da [normativa do 14 de xullo de 2015 da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación para o préstamo de material](#).


O sistema de préstamo de ordenadores portátiles da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET) está deseñado e dimensionado para dar soporte ás materias das titulacións de grao e mestrado impartidas na EET. Contémplase tanto o préstamo individual a estudiantes da UVigo matriculados/as nas devanditas titulacións, como o uso puntual de ordenadores portátiles para a impartición de materias das titulacións da EET.

Préstamo individual a estudiantes da UVigo matriculados/as nas titulacións de grao e mestrado impartidas na EET

- Ao principio de cada cuatrimestre abrirase un prazo de solicitude de préstamo. Na comunicación na que se transmita esta información indicarase tamén o procedemento de presentación de solicitudes, a información que deben conter as solicitudes e a data límite de devolución dos portátiles. As solicitudes que non sigan este procedemento ou que non conteñan a información requirida non serán tidas en conta.
- Atenderanse primeiro as solicitudes correspondentes a materias incluídas no programa Bring Your Own Device (BYOD), por orde de recepción das solicitudes.
- Unha vez rematado o prazo de solicitude de cada cuatrimestre, e se quedaran equipos dispoñibles, atenderanse por orde de recepción as solicitudes que non estean relacionadas con materias BYOD. En todo caso, o préstamo de ordenadores portátiles que non estea asociado a materias BYOD quedará supeditado a que os equipos prestados non sexan necesarios para atender peticións posteriores que si estean relacionadas con materias BYOD. De ser necesario para cubrir as necesidades das materias BYOD, reclamarase a devolución dos ordenadores portátiles e o/a estudiante deberá devolver o equipo prestado nun prazo máximo de 48 horas. De darse esta situación, a orde de requerimento de devolución dos portátiles será inverso á orde de recepción das solicitudes.
- Se o/a estudiante desexa solicitar a extensión do préstamo máis aló da data límite de devolución, deberá solicitar unha extensión con alomenos unha semana de anterioridade a esa data límite. Nese caso, volveranse a aplicar os criterios de prioridade de materias BYOD fronte non BYOD e de orde de recepción das solicitudes descritos nos puntos anteriores.
- Se o ordenador portátil non tivera sido devolto na data límite, a dirección da EET tomará as medidas oportunas para garantir a devolución do equipo, podendo, ademais, excluír a o/a estudiante de futuros préstamos.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Sistema de uso puntual de ordenadores portátiles por materias (laboratorio móvil)

- Esta modalidade está orientada a materias que non son BYOD, pero nas que nalgúnha sesión convén empregar ordenadores portátiles (por exemplo, prácticas en laboratorios hardware nas que o uso dos portátiles facilita o procesamento dos datos).
- Estes portátiles estarán dispoñibles na Conserxería, e o equipo docente das materias interesadas en empregalos será o encargado de recollelos e devolveños nesa ubicación.
- Para poder planificar o uso compartido destes portátiles, as materias deberán solicitar con unha antelación mínima de 2 semanas o seu uso, indicando o día e hora de recollida e de devolución, así como o número de portátiles que se desexa empregar e o número estudantes que os usarán.
- A duración máxima de cada reserva será de 24 horas.



Centro certificado
FIDES-AUDIT